

previsto na convocatoria de cada comunidade autónoma e en todo caso, antes do 28 de febreiro de cada ano.

Para solicitar este tipo de axudas é necesario achegar copia do programa de selección xenética aprobado pola autoridade competente. Debido á demora na tramitación e publicación do referido real decreto, durante o ano 2006, o prazo límite é insuficiente para a elaboración e aprobación dos programas, publicar as correspondentes convocatorias de axudas e, en consecuencia, solicitar as axudas.

Por iso, por petición das comunidades autónomas púxose de manifesto a necesidade de ampliar o dito prazo para a presente campaña.

De conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e de acordo coa habilitación establecida na disposición derradeira primeira do Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, resolvo ampliar o prazo para a presentación, durante o ano 2006, de solicitudes para a concesión de subvencións estatais en desenvolvemento do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, ata o día 30 de xuño, inclusive.

Madrid, 24 de febreiro de 2006.

ESPINOSA MANGANA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**3445** *REAL DECRETO 229/2006, do 24 de febreiro, sobre o control de fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e fontes orfas.* («BOE» 50, do 28-2-2006.)

A Directiva 2003/122/EURATOM do Consello, do 22 de decembro de 2003, sobre o control de fontes radioactivas seladas de actividade elevada e das fontes orfas, ten como obxectivo evitar a exposición dos traballadores e do público ás radiacións ionizantes, como consecuencia dun control inadecuado das fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e da posible existencia de fontes orfas.

Para lograr este obxectivo trátase de conseguir, por un lado, un estrito control das fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade durante todo o seu período de vida, desde a súa fabricación ata a súa correcta xestión ao final da súa vida útil e, por outro, facer fronte aos riscos que presenta a existencia de fontes radioactivas sobre as que, ou nunca houbo ou se perdeu o control e que son as coñecidas como fontes orfas, establecendo as canles conducentes á detección e recuperación do control sobre elas.

Esta directiva incorpórase ao noso ordenamento interno mediante este real decreto, que se complementa co Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, e o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, aprobado polo Real decreto 783/2001, do 6 de xullo, polos que se levou a cabo a transposición da Directiva 96/29/EURATOM do Consello, do 13 de maio de 1996, pola que se establecen as normas básicas relativas á protección sanitaria dos traballadores e da poboación contra os riscos que resultan das radiacións ionizantes.

No referente ás fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade pertencentes a posuidores ou titulares

debidamente autorizados, neste real decreto establécese a obriga para o seu posuidor, que ha de estar autorizado, de levar unha folla de inventario de cada unha delas, en que consten, entre outros datos, o número de identificación así como as transferencias e revisións de que foi obxecto. O dito posuidor remitirá unha copia desta folla de inventario, nas ocasións en que se establece, ao Consello de Seguridade Nuclear e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou ao organismo competente da comunidade autónoma, no caso de que esta teña transferidas as funcións e servizos en materia de instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría. O Consello de Seguridade Nuclear levará un inventario de ámbito estatal de posuidores deste tipo de fontes e das fontes que posúen.

Tamén se deberán realizar a estas fontes, a intervalos periódicos e sempre tras calquera incidente que puidese afectar á súa integridade, as probas que garantan a súa hermeticidade e ausencia de contaminación superficial, debéndose notificar inmediatamente aos órganos competentes toda perda, roubo ou uso non autorizado dunha fonte.

Ao final da súa vida útil, toda fonte en desuso deberá ser axeitadamente xestionada, sen atrasos inxustificadas, ben mediante a súa devolución ao provedor, ou mediante a súa transferencia a outro posuidor autorizado ou a unha instalación autorizada para o almacenamento a longo prazo ou a eliminación de fontes. Para que esta xestión conte cos recursos financeiros necesarios para a súa realización de forma segura, mesmo en caso de insolvencia, cesamento de actividade ou calquera outra continxencia que lle poida acontecer ao posuidor deste tipo de fontes, este ha de establecer previamente unha garantía financeira.

Ademais dos requisitos que xa se establecen en canto á formación dos traballadores que manipulen estas fontes ou poidan estar expostos ás súas radiacións, prevista no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, e no Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, establécese a obriga de facilitar formación sobre as posibles consecuencias da perda de control destas fontes e o xeito de actuar en cada caso.

Polo que respecta ao control das fontes orfas, prevese a existencia de acordos relativos á vixilancia, control e procedementos de actuación nas instalacións, lugares ou situacións onde é máis probable que aparezan ou se procesen este tipo de fontes. Nos ditos acordos incluírase o compromiso dos titulares destas instalacións de facilitar formación e información aos seus traballadores sobre noções básicas das radiacións ionizantes e os seus efectos, e as medidas que deben tomarse en caso de detectarse ou sospeitarse a presenza dunha fonte.

Como exemplo deste tipo de acordos, cabe sinalar que en novembro de 1999 a Administración española e os sectores industriais con meirande implicación nas actividades relacionadas coa reciclaxe de chatarra asinaron un «Protocolo de colaboración sobre a vixilancia radiolóxica dos materiais metálicos» ao que posteriormente se adheriron os sindicatos máis representativos, anticipándose así á Resolución do Consello da Unión Europea sobre a creación nos Estados membros de sistemas nacionais de vixilancia e control da presenza de materiais radioactivos na reciclaxe de materiais metálicos (2002/C 119/5).

Así mesmo, en relación coas fontes orfas establécese as garantías financeiras necesarias para facer fronte á súa retirada e aos incidentes que calquera fonte deste tipo poida provocar.

Na elaboración deste real decreto foron consultados os axentes económicos sectoriais e sociais interesados, así como as comunidades autónomas e informou o Consello de Seguridade Nuclear.

Por último, cabe indicar que este real decreto, en fase de proxecto, foi comunicado á Comisión da Unión Euro-

pea, de acordo co establecido no artigo 33 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM).

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio, do Interior, de Traballo e Asuntos Sociais, e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de febreiro de 2006,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto evitar a exposición dos traballadores e do público ás radiacións ionizantes como consecuencia dun control inadecuado das fontes radioactivas encapsuladas de alta actividade e da posible existencia de fontes orfas.

2. Este real decreto aplícase ás fontes de alta actividade e ás fontes orfas definidas no artigo 2. Consideraranse excluídas do seu ámbito de aplicación aquelas fontes cuxa actividade diminúese ata un nivel inferior aos niveis de exención establecidos nas táboas A e B do anexo I do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, aprobado polo Real decreto 1836/1999, do 3 de decembro, e na Instrución IS/05 do Consello de Seguridade Nuclear.

3. As obrigas derivadas deste real decreto complementan as previstas no referido Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, e no Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, aprobado polo Real decreto 783/2001, do 6 de xullo.

### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

**Autorización:** permiso concedido pola autoridade competente de forma documental, logo de solicitude, ou establecido pola lexislación española, para exercer unha práctica na cal está implicada unha fonte.

**Contedor de fonte:** Recipiente dunha fonte encapsulada que non constitúe parte integrante da fonte senón que se emprega para o seu transporte, manipulación, etc.

**Fabricante:** persoa física ou xurídica que fabrique unha fonte.

**Fonte de alta actividade:** denominada a partir deste momento fonte, a fonte radioactiva encapsulada que contén un radionucleido cuxa actividade no momento da fabricación ou, se se descoñece este, da primeira comercialización, é igual ou superior ao nivel de actividade especificado no anexo I.

**Fonte en desuso:** fonte que deixou de utilizarse, sen que exista xa intención de utilizala na práctica para a que se concedeu autorización.

**Fonte encapsulada:** fonte cunha estrutura que, en condicións normais de utilización, impide calquera dispersión de substancias radioactivas no medio, con inclusión, cando corresponda, da cápsula que contén o material radioactivo como parte integrante da fonte.

**Fonte orfa:** fonte encapsulada cuxo nivel de actividade no momento de ser descuberta é superior ao valor de exención establecido nas táboas A e B do anexo I do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas e na Instrución IS/05, do Consello de Seguridade Nuclear, e que non estea sometida a control regulador, sexa porque nunca o estivo, sexa porque foi abandonada, perdida, extraviada, roubada ou transferida a un novo posuidor sen a debida notificación á autoridade competente, ou sen que fose informado o receptor.

**Instalación recoñecida:** instalación autorizada para o almacenamento a longo prazo ou a eliminación de fontes,

así como a instalación autorizada para o almacenamento provisional de fontes.

**Posuidor:** persoa física ou xurídica que sexa responsable dunha fonte conforme o establecido no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, incluídos os fabricantes, provedores e usuarios das fontes, pero con exclusión das instalacións recoñecidas, definidas no parágrafo anterior.

**Práctica:** actividade humana que pode aumentar a exposición das persoas á radiación procedente dunha fonte artificial, ou dunha fonte natural de radiación cando os radionucleidos naturais son procesados polas súas propiedades radioactivas, fisiónables ou fértiles agás no caso de exposición de emerxencia.

**Provedor:** persoa física ou xurídica que subministre ou poña á disposición unha fonte.

**Traballador exposto:** persoa sometida a unha exposición por causa do seu traballo derivada das prácticas que puidesen entrañar doses superiores a algún dos límites de dose para membros do público, establecidos no Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes.

**Transferencia dunha fonte:** traspaso dunha fonte dun posuidor a outro ou a unha instalación recoñecida.

### Artigo 3. *Autoridades competentes.*

1. A aplicación dos preceptos deste real decreto corresponde ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sen prexuízo das competencias específicas doutros ministerios, das comunidades autónomas, do Consello de Seguridade Nuclear ou doutros organismos das administracións públicas.

2. As funcións executivas que neste real decreto corresponden ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, en relación coas instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría, entenderanse atribuídas ás comunidades autónomas cando estas teñan transferidas as ditas funcións.

### Artigo 4. *Inspeccións.*

As actuacións inspectoras, para os efectos de verificar o cumprimento do disposto neste real decreto, corresponden ao Consello de Seguridade Nuclear, nos termos previstos na Lei 15/1980, do 22 de abril, de creación do Consello de Seguridade Nuclear, e no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas.

### Artigo 5. *Autorización.*

1. Todo posuidor dunha fonte deberá estar autorizado, de acordo co establecido no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas.

2. Antes de completar o trámite de autorización previo á posta en marcha da instalación radioactiva en cuxa autorización está incluída unha fonte, o seu posuidor deberá:

a) Concertar co provedor os acordos oportunos para a devolución da fonte en desuso.

b) Establecer unha garantía financeira para facer fronte á xestión segura desta cando se converta en fonte en desuso, mesmo en caso de insolvencia, cesamento de actividade ou calquera outra continxencia que lle poida acontecer ao posuidor deste tipo de fontes. Esta garantía poderá consistir nun seguro, nunha conta bancaria bloqueada, ou noutra garantía financeira concertada con entidade financeira debidamente autorizada.

### Artigo 6. *Seguridade física das fontes.*

1. Corresponde aos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e do Interior, co asesoramento do Consello de Seguridade Nuclear, establecer os requisitos aplicables en materia de seguridade física das fontes.

2. Xunto coa documentación prevista no artigo 38 do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, os titulares das fontes deberán presentar información detallada sobre as medidas de seguridade física previstas para previr, asegurar a pronta detección e evitar situacións de perda, subtracción e utilización ou traslado non autorizados das fontes.

3. Nas autorizacións que se concedan faranse constar os límites e condicións en materia de seguridade física.

### Artigo 7. *Inventario.*

1. O posuidor levará unha folla de inventario de cada unha das fontes baixo a súa responsabilidade, en que conste a súa localización e as súas transferencias. Esta folla de inventario responderá ao modelo normalizado do anexo II, e conterá a información que nel figura.

Este modelo de folla de inventario poderá serlle facilitado en formato electrónico polo Consello de Seguridade Nuclear, así como aquelas actualizacións que, se é o caso, leve a cabo a Comisión Europea.

2. O posuidor remitirá una copia, en forma escrita ou electrónica, da folla de inventario a que se refire punto anterior ao Consello de Seguridade Nuclear e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, se é o caso, ao Consello de Seguridade Nuclear e ao órgano competente da comunidade autónoma, nas seguintes ocasións:

a) No momento da apertura da folla de inventario, inmediatamente despois da adquisición da fonte.

b) Posteriormente, dentro do primeiro trimestre de cada ano.

c) Cando se producise algún cambio na localización ou, se é o caso, no almacenamento habitual da fonte.

d) Cando se clausure a folla de inventario dunha fonte determinada, comunicarse inmediatamente a identificación do novo posuidor ou a instalación recoñecida á que se transfere a fonte.

e) Sempre que así o solicite a autoridade competente.

3. O posuidor deberá conservar as follas de inventario á disposición do Consello de Seguridade Nuclear para fins de inspección.

4. O Consello de Seguridade Nuclear levará un inventario actualizado de ámbito estatal dos posuidores autorizados e das fontes que posúen. Este inventario incluírá o radionucleido que corresponda, a actividade na data de fabricación ou, se esta actividade se descoñece, a actividade no momento da súa primeira comercialización ou no momento en que o posuidor adquirira a fonte, así como o tipo de fonte.

### Artigo 8. *Obrigas dos posuidores.*

O posuidor dunha fonte:

a) Realizará, por medio dunha entidade autorizada, con intervalos periódicos non superiores a un ano e sempre tras calquera incidente que puidese afectar á integridade da fonte, as probas que garantan a hermeticidade desta e ausencia de contaminación superficial. As ditas probas serán realizadas de acordo coa metodoloxía recollida na Guía n.º 5.3 do Consello de Seguridade Nuclear ou en normas técnicas nacionais ou internacionais equivalentes.

b) Verificará mensualmente a presenza e o bo estado aparente das fontes e cando resulte pertinente, dos equipos que as conteñan, no lugar en que se utilizan ou almacenan, debendo conservar rexistro documental destas verificacións.

c) Garantirá que se tomaron as medidas documentadas adecuadas, como protocolos e procedementos escritos, destinadas a impedir o acceso non autorizado á fonte, a súa perda ou roubo, así como a evitar que a fonte resulte danada en caso de incendio.

d) Notificará inmediatamente, nun prazo non superior a unha hora, ao Consello de Seguridade Nuclear, á autoridade competente en materia de protección civil da comunidade autónoma e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, se é o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma, toda perda, roubo ou uso non autorizado dunha fonte. Disporá a comprobación da integridade dunha fonte, segundo o previsto no parágrafo a), despois de todo suceso que a poida danar e informará, se procede, as mencionadas autoridades sobre o suceso e as medidas adoptadas ao respecto.

e) Devolverá toda fonte en desuso ao provedor, para o que deberá concertar previamente con este os acordos oportunos, ou transferiraa a outro posuidor autorizado ou a unha instalación recoñecida, sen atrasos inxustificables despois de que se deixase de usar.

f) Asegurarase, antes de realizar calquera transferencia, de que o destinatario dispón dunha autorización apropiada de acordo coa súa regulamentación nacional e se é o caso, de que os envíos de material radioactivo desde ou cara a Estados membros da Unión Europea se realicen de acordo cos requisitos establecidos no Regulamento (EURATOM) n.º 1493/1993, do Consello, do 8 de xuño de 1993, relativo aos traslados de substancias radioactivas entre os Estados membros.

g) Notificará o antes posible e, en todo caso nun prazo non superior a 24 horas, ao Consello de Seguridade Nuclear, á autoridade competente en materia de protección civil da comunidade autónoma e ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ou, se é o caso, ao órgano competente da comunidade autónoma, calquera incidente ou accidente que dea ou poida dar lugar a unha exposición involuntaria de traballadores ou de membros do público.

### Artigo 9. *Identificación e marcación.*

1. O fabricante ou, se é o caso, o provedor deberá garantir que:

a) Toda fonte estea identificada cun número único cumprindo os requisitos de marcaxe contidos na Norma ISO 2919. Cando sexa posible, o número marcarase na fonte mediante gravado ou acuñado.

b) O número de identificación da fonte vaia marcado de igual xeito no seu contedor. Se isto non fóra posible ou nos casos de contedores de transporte reutilizables, no contedor deberá constar, polo menos, a identificación, natureza e actividade da fonte. O contedor irá sempre sinalizado co distintivo básico recollido na Norma UNE 73-302, como contedor de material radioactivo.

2. O fabricante ou provedor facilitará con cada fonte unha imaxe gráfica do seu prototipo e do seu contedor típico.

3. Todo posuidor deberá dispor de información escrita acerca da natureza, actividade e marcación de cada fonte e velará porque as marcacións e etiquetas permanezan lexibles. Nesa información incluíranse imaxes gráficas da fonte, do seu contedor e da súa embalaxe para o transporte, así como, se é o caso, do equipo no que a fonte vaia aloxada. Esta información acompañará a fonte en todos os seus movementos.

#### Artigo 10. *Formación e información.*

1. Ademais da formación prevista na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo I do título V do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, para a obtención das licenzas do persoal que manipule material ou equipos radioactivos ou dirixa as ditas actividades, os titulares das instalacións que posúan fontes impartirán con periodicidade bienal un programa de formación para todos os traballadores expostos da instalación, de acordo co previsto no artigo 21 do Regulamento de protección sanitaria contra radiacións ionizantes e no artigo 67 do Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, no cal se incluírán sesións relativas á xestión segura das fontes, e ás posibles consecuencias da perda de control e o modo de actuar en cada caso.

Este programa de formación ha de formar parte do regulamento de funcionamento e do plan de emerxencia interior da instalación.

2. A formación e información da dirección e dos traballadores das instalacións onde é máis probable que aparezan ou se procesen fontes orfas efectuarase, se é o caso, segundo se estableza no seu plan de autoprotección ou nos acordos de vixilancia a que se fai referencia no artigo 11.2, e deberán incluír e desenvolver, ao menos, os seguintes puntos:

- a) Información acerca da posibilidade de atopar unha fonte.
- b) Coñecemento e formación sobre os métodos de detección visual das fontes, así como dos seus contedores.
- c) Nocións básicas sobre as radiacións ionizantes, os seus efectos e as medidas de protección contra elas.
- d) Coñecemento e formación sobre as medidas que deben tomarse in situ en caso de se detectar ou sospeitar a presenza dunha fonte.

#### Artigo 11. *Fontes orfas.*

1. A vixilancia, control e procedementos de actuación nas instalacións, lugares ou situacións en que poidan atoparse fontes orfas levarase a cabo, se é o caso, de acordo cos requisitos que estableza o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, co asesoramento do Consello de Seguridade Nuclear.

2. Naquelas instalacións que poidan presentar unhas características específicas, tales como as relacionadas co almacenamento, recuperación ou reciclaxe de chatarra, a vixilancia, control e procedementos de actuación poderase realizar no marco dos acordos que establezan os ministerios competentes e o Consello de Seguridade Nuclear cos sectores potencialmente afectados.

3. En todo caso, calquera persoa que sospeite da presenza dunha fonte orfa, deberá notificar esta situación aos servizos de emerxencia da comunidade autónoma e ao Consello de Seguridade Nuclear, que garantirá a rápida dispoñibilidade de asesoramento e asistencia técnica especializada, cuxo obxectivo primordial será a protección radiolóxica dos traballadores e a poboación, así como a seguridade da fonte.

4. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, co asesoramento do Consello de Seguridade Nuclear, organizará, no caso de que se considere conveniente, campañas de recuperación de fontes orfas que procedan de actividades do pasado.

5. As actuacións que se van levar a cabo para facer fronte a emerxencias radiolóxicas debidas a fontes orfas serán as establecidas, se é o caso, nos plans de autoprotección de cada instalación ou actividade ou nos acordos a que se fai referencia no punto 2, así como nos plans de protección civil fronte a emerxencias radiolóxicas que se desenvolvan.

#### Artigo 12. *Garantía financeira para as fontes orfas.*

Os custos derivados da xestión das fontes orfas, así como das intervencións para a recuperación destas fon-

tes ou para facer fronte ás emerxencias radiolóxicas provocadas por elas, serán sufragados polo último posuidor da fonte no caso de que este posuidor, atendendo á definición que se dá no artigo 2, poida ser identificado. Se isto non fose posible, estes custos serán asumidos polo titular da instalación na que a fonte foi detectada agás no que resulte de aplicación a disposición adicional segunda da Lei 14/1999, do 4 de maio, de taxas e prezos públicos por servizos prestados polo Consello de Seguridade Nuclear, e o establecido nos acordos a que se fai referencia no artigo 11.2.

#### Artigo 13. *Infraccións.*

As infraccións dos preceptos contidos neste real decreto serán sancionadas de acordo co establecido no capítulo XIV da Lei 25/1964, do 29 de abril, sobre enerxía nuclear.

Disposición adicional única. *Prevención de riscos laborais.*

En materia de protección dos traballadores, serán de aplicación as normas contidas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sen prexuízo das disposicións máis específicas contidas neste real decreto e no Regulamento sobre protección sanitaria contra as radiacións ionizantes.

Disposición transitoria única. *Fontes comercializadas antes do 31 de decembro de 2005.*

Sen prexuízo do establecido no Regulamento sobre instalacións nucleares e radioactivas, e no Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes, ás fontes comercializadas antes do 31 de decembro de 2005 non lles será aplicable o disposto:

- a) Nos artigos 5.2.b), 7 e 8 ata o 31 de decembro de 2007.
- b) No artigo 9, con excepción dos requisitos seguintes, que se aplicarán a partir do 31 de decembro de 2007:

1.º O posuidor deberá asegurar que cada fonte, así como o seu contedor, vaian acompañados de información escrita que permita identificar a fonte e a súa natureza.

2.º O posuidor deberá asegurar que cada fonte, así como o seu contedor, estean sinalizados co distintivo básico recollido na Norma UNE 73-302, para advertir as persoas do perigo de radiación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo e aplicación.*

1. Os ministros de Industria, Turismo e Comercio, do Interior, de Traballo e Asuntos Sociais, e de Sanidade e Consumo, no ámbito das súas competencias poderán ditar as disposicións oportunas para o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto.

2. O Consello de Seguridade Nuclear poderá ditar instrucións, circulares e guías de carácter técnico para facilitar a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2003/122/EURATOM do Consello, do 22 de decembro de 2003, sobre o control de fontes radioactivas seladas de actividade elevada e das fontes orfas

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 24 de febreiro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

### ANEXO I

#### Niveis de actividade

O nivel de actividade correspondente dos radionucleidos non enumerados neste cadro pero mencionados na

táboa A do anexo I da Directiva 96/29/EURATOM é a centésima parte do correspondente valor A1 do Regulamento para o transporte seguro de materiais radioactivos do OIEA (1).

Elemento (número atómico)	Radionucleido	Nivel de actividade (Bq)
Ferro (26)	Fe-55	$4 \times 10^{11}$
Cobalto (27)	Co-60	$4 \times 10^9$
Selenio (34)	Se-75	$3 \times 10^{10}$
Cripton (36)	Kr-85	$1 \times 10^{11}$
Estroncio (38)	Sr-90 <sup>(a)</sup>	$3 \times 10^9$
Paladio (46)	Pd-103 <sup>(a)</sup>	$4 \times 10^{11}$
Iodo (53)	I-125	$2 \times 10^{11}$
Cesio (55)	Cs-137 <sup>(a)</sup>	$2 \times 10^{10}$
Prometio (61)	Pm-147	$4 \times 10^{11}$
Gadolinio (64)	Gd-153	$1 \times 10^{11}$
Tulio (69)	Tm-170	$3 \times 10^{10}$
Iridio (77)	Ir-192	$1 \times 10^{10}$
Talio (81)	Tl-204	$1 \times 10^{11}$
Radio (88)	Ra-226 <sup>(b)</sup>	$2 \times 10^9$
Plutonio (94)	Pu-238 <sup>(a)</sup>	$1 \times 10^{11}$
Americio (95)	Am-241 <sup>(b)</sup>	$1 \times 10^{11}$
Californio (98)	Cf-252	$5 \times 10^8$

(a) O nivel de actividade inclúe as contribucións dos nucleidos fillos con vidas medias inferiores a 10 días.

(b) Inclúe fontes de neutróns con berilio.

(1) N.º TS-R1 (ST-1 emendado), Organismo Internacional da Enerxía Atómica, Viena, 2000.

ANEXO II

Folla de inventario normalizada para fontes encapsuladas de alta actividade (FAA) (en cursiva = optativo)

<p><b>1. N.º de identificación da FAA:</b></p>	<p><b>2. Identificación do posuidor autorizado</b>                  nome:                  enderezo:                  país:                  fabricante <input type="checkbox"/> provedor <input type="checkbox"/> usuario <input type="checkbox"/></p>	<p><b>3. Localización da FAA (uso ou almacenamento)</b>                  se é distinta da indicada en (2)                  nome:                  enderezo:                  uso fixo <input type="checkbox"/> almacenamento (móbil) <input type="checkbox"/></p>
<p><b>4. Folla de inventario</b>                  Data de apertura da folla de inventario:                  Data da transferencia:                  Data de transferencia da folla de inventario ao arquivo histórico:</p>	<p><b>5. Autorización</b>                  Referencia M/C.A.:                  Referencia CSN:                  Data de outorgamento:                  Data de vencemento:</p>	<p><b>6. Control operativo da FAA</b>                  Data:                  Data:                  Data:                  Data:                  Data:                  Data:</p>
<p><b>7. Características da FAA</b>                  Radionucleido:                  Actividade na data de fabricación ou de primeira comercialización:                  Data de fabricación:                  Fabricante:                  Nome:                  Enderezo:                  País:</p>	<p><b>8. Recepción da FAA</b>                  Data de recepción:                  Recibido de:                  Nome:                  Enderezo:                  País:                  Fabricante <input type="checkbox"/> Provedor <input type="checkbox"/> Outro usuario <input type="checkbox"/></p>	<p><b>10. Outra información</b>                  Perda <input type="checkbox"/> Data da perda:                  Roubo <input type="checkbox"/> Data do roubo:                  Achado: non <input type="checkbox"/>                                    si <input type="checkbox"/> con data de:                    lugar:                  Observacións:</p>
<p>Características físicas e químicas:                  Identificación do tipo de fonte:                  Identificación da cápsula:                  Clasificación ISO:                  Clasificación ANSI:                  Certificado de material radioactivo en forma especial:</p>	<p><b>9. Transferencia da FAA</b>                  Data da transferencia:                  Transferencia a:                  Nome:                  Enderezo:                  País:                  Fabricante <input type="checkbox"/> Provedor <input type="checkbox"/> Outro usuario <input type="checkbox"/>                  Instalación reconfirmada (artigo 2):</p>	

MOTIVO DA REMISIÓN: Nova inscrición  Revisión  Transferencia  Outra información   
 O POSUIDOR TEN ALGUNHA OUTRA FAA?: SI ; NON   
 (Lugar, data e sinatura)